

## INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de adxudicación: SERVIZO DE CAFETERIA  
Valor estimado de licitación do contrato: 220.000€  
Duración: 2 ano dende a formalización prorrogables ata dous anos mais

### Datos do expediente:

- Procedemento negociado sen publicidade
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de adxudicación

### Analise da proposta

A proposta de adxudicación formulada polo Xefe de servizo de Persoal e Réxime interior, detalla o iter procedimental resultando:

- Invitouse a cinco licitadores que reunían os requisitos, presentando oferta catro empresas
- Que se seguiron as fases da licitación celebrándose as comisións negociadoras ( remítome ao informe de fiscalización emitido por esta intervención o 14/11/2016)
- Que unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, previa solicitude dos informe técnicos de se-lo caso, e visto que o único licitador admitido cumpría os requisitos esixidos e as súas proposicións se axustaban aos pregos, remitiuse a proposta ao órgano competente para a contratación, que formulou proposta de requirir ao licitador coa oferta económica mais vantaxosa, á sazón SALA GRADIN S.L., para aportar a documentación precisa para a adxudicación.
- A oferta económica foi de: 110.000€ V.E./ano, ou sexa 242.000€ ive engadido os dous anos de duración inicial. Os prezos dos menús, produtos e menú especiais con ocasión de actos institucionais serán os contidos na oferta presentada polo adxudicatario.
- Que o licitador requirido presentou no prazo de 10 días hábiles a documentación requirida e constituíu a garantía definitiva do 5% do valor estimado ofertado en atención á duración inicial.

O Xefe de Servizo de Persoal e Réxime Interior examina a documentación presentada e a considera correcta.

Examinada a proposta de adxudicación á Mesa do Parlamento a favor de SALA GRADIN S.L., FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Lémbrese que a adxudicación debe acordarse, no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación requirida polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A adxudicación deberá notificarse aos candidatos ou licitadores cos recursos procedentes, e publicarse nun diario oficial e no perfil do contratante do órgano de contratación sinalando o prazo en que debe formalizarse o contrato, que asemade deberá ser obxecto de publicación

De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, deberase comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público antes do fin do primeiro trimestre do ano seguinte, nos termos indicados no RD. 817/2009 ( Anexo I, códigos CPV...)

Santiago de Compostela, a 01 de decembro de 2016  
A interventora